



EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
PONTEVEDRA

---Documento: **REQUERIMENTO DE SUBSANACIÓN A ESINOR SISTEMAS SL**

---Contrato: **OBRAS DE CENTRALIZACIÓN, XESTIÓN E REDUCIÓN DO GASTO ENERXÉTICO NOS ALUMEADOS PÚBLICOS NA ZONA DE AVDA. DE SANTIAGO E GRAN VÍA"**

---Destinatario: **ESINOR SISTEMAS SL**

---Data de inicio da publicación deste documento no perfil do contratante: **12 DE AGOSTO DE 2009**

Examinada a documentación administrativa aportada por ESINOR SISTEMAS SL no procedemento de referencia, aprécianse as seguintes deficiencias:

O poder aportado non está bastanteado nin resulta bastante para que D. Manuel Lombardía Rodríguez presente a oferta.

Da escritura de 23 de agosto de 2007 ante o Sr. Notario do Ilustre Colexio de Galicia, D. Jacobo-Esteban Pérez Rama, parece deducirse que noutra escritura, non aportada polo interesado (escritura de 1 de outubro de 2002 outorgada polo Notario de Santiago D. José Antonio Montero Pardo), si se contén poder bastante para que D. Manuel Lombardía Rodríguez poda concorrer ó procedemento de contratación das obras de “Centralización, xestión e redución do gasto enerxético nos alumeados públicos na zona de avda. de Santiago e Gran Vía”, representando á empresa ESINOR SISTEMAS SL, na súa calidade de representante físico de POCOMACO INVERSIONES SA, que é a Administradora Única de ESINOR SISTEMAS SL.

Así pois, caso de que ESINOR SISTEMAS SL sega interesado no procedemento de contratación, deberá aporta-la seguinte documentación:

-Copia compulsada da escritura autorizada o un de outubro de 2002 polo Notario de Santiago D. José Antonio Montero Pardo, número 2.048 de protocolo.

-Escrito asinado por D. Manuel Lombardía Rodríguez no que sinale que, na súa calidade de representante físico de POCOMACO INVERSIONES SA, Administradora Única de ESINOR SISTEMAS SL, actúa no procedemento de contratación do Concello da Estrada das obras de “Centralización, xestión e redución do gasto enerxético nos alumeados públicos na zona de avda. de Santiago e Gran Vía”, en nome e representación de ESINOR SISTEMAS SL. E que se ratifica no contido íntegro da oferta e documentación íntegra aportadas no procedemento.

-Asemade tamén deberá aportar fotocopia da Tarxeta de Código de Identificación Fiscal (CIF) de ESINOR SISTEMAS SL, debidamente compulsada



EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
PONTEVEDRA

De non presenta-la antedita documentación no prazo de 3 días hábiles a contar dende o seguinte á publicación deste requerimento de subsanación de documentación no Perfil do contratante, procederase á exclusión definitiva de ESINOR SISTEMAS SL do procedemento de contratación.

A Estrada, 12 de agosto de 2009

O CONCELLEIRO DE SERVIZOS URBANOS

Asdo.: Manuel Otero Espiño